

Calar, cantar, escribir e ler linguas de longa vida.  
Versións de tres poéticas: Rosalía, Pessoa e Cernuda

por EMMA LUACES



Acuarela de Sara Lamas

Versión literal de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885):  
 “Desde os catro puntos cardinais”

Desde os catro puntos cardinais  
 do noso bo planeta  
 -novo, pese ás súas múltiples engurras-,  
 miles de intelixencias  
 poderosas e activas  
 para ensanchar os campos da ciencia,  
 tan vastos xa que a razón se perde  
 nas súas frondes inmensas,  
 acoden á cita que o progreso  
 lles dá desde o seu templo de cen portas.

Obreiros incansables, eu saúdvos,  
 plena de asombro e de respecto plena,  
 vendo como a Fe, que guiou un día  
 cara ao deserto ao santo anacoreta,  
 hoxe coa mesma venda transparente  
 ata o limiar do imposible os leva.  
 ¡Esperade e crede!, *crea* o que cre,  
 e ama con dobre ardor aquel que espera.

Pero eu no recanto máis oculto  
 e tamén máis fermoso da terra,  
 sen esperar a Ulises,  
 que o noso naufragou na tormenta,  
 semellante a Penélope  
 tezo e destezo sen cesar a miña tea,  
 pensando que esta é do destino humano  
 a incansable tarefa,  
 e que agora subindo, agora baixando,  
 unhas veces con luz e outras a cegas,  
 cumprimos nosos días e chegamos  
 máis tarde ou máis pronto á ribeira.

Versión galega de Rosalía de Castro, “Desde los cuatro puntos cardinales”, *Extranjera en su patria. Cuatro poetas gallegos. Rosalía de Castro. Manuel Antonio. Luís Pimentel. Luz Pozo Garza*, Galaxia Gutenberg-Círculo de Lectores, Barcelona, 2005. Edición bilingüe de Carmen Blanco, p. 101.



Acuarela da Sara Lamas

Versión auto-poética con “amor” fronte a “dor” de Fernando Pessoa (Lisboa, 1888-1935) : “Autopsicografía” (Poética)

**Autopsicografía  
(Poética)**

A poesía é unha finxidora  
Finxe tan completamente  
que chega a finxir que é amor  
o amor que de veras sente

E quen le o que escribe  
no amor lido sente ben  
non os dous que ela ten  
senón só o que non ten

E así nas vías da roda  
xira entretendo a razón  
ese convoi de corda  
que se chama o corazón

**Autopsicografía  
(Poética)**

La poesía es una fingidora  
Finge tan completamente  
que llega a fingir que es amor  
el amor que de veras siente

Y quien lee lo que escribe  
en el amor leído siente bien  
no los dos que ella tiene  
sino solo el que no tiene

Y así en las vías de la rueda  
gira entreteniendo la razón  
ese convoy de cuerda  
que se llama el corazón

Versións galega e española de Fernando Pessoa, “Autopsicografía”, *Un corazón de nadie*, Galaxia Gutenberg-Círculo de Lectores, Barcelona, 2001. Edición bilingüe de Ángel Campos Pámpano, pp. 544.



Acuarela de Sara Lamas

**Versión literal de Luis Cernuda (Sevilla, 1902-México, 1963): “As sereas”**

**As sereas**

Ninguén coñeceu a lingua na que cantan as sereas  
e poucos os que acaso, ao oír algún canto a medianoite  
(non no mar, terra dentro, entre as augas  
dun lago), creron ver unha friorenta  
e triste xurdir como fantasma e entoarlles  
aquela canción mesma que resistira Ulises.

Cando a noite acaba e tempo xa non hai  
a canto se esperou nas horas de un día,  
volgen os que as viron; mais a canción quedaba,  
filtro, poción de lágrimas, embebida no seu espírito,  
e sentían en si con resonancia fonda  
o encanto no canto da serea avellentada.

Escoitado tan ben e con paixón tanta oído,  
xa non eran os mesmos e outro vivir buscaron,  
posesos polo filtro que enfebreceu seu sangue.  
¿Unha soa canción pode cambiar así unha vida?  
O canto cesara, as sereas calaran, e os seus ecos.  
O que unha vez as oe viúvo e desolado queda para sempre.

Versión galega de Luis Cernuda, “Las sirenas”, *La Realidad y el deseo* (1924-1962),  
Fondo de Cultura Económica, México, 1976, p. 331.



